

## Dossier Práctico para a redución de Residuos en Municipios

Os municipios, en función das súas competencias e compromisos, as accións que poden desenvolver para reducir a cantidade de bolsas de plástico dun só uso son múltiples e requiren unha maior ou menor responsabilidade por parte do mesmo.

Esta é a listaxe de accións. Desenvolveranse máis concretamente a continuación:

1. Pódense desenvolver medidas de información e sensibilización, como o reparto de bolsas alternativas reutilizables entre os seus veciños, acompañadas de información relativa aos impactos producidos polo consumo desmedido de bolsas dun só uso. Pódense substituír un número determinado de bolsas dun só uso, a cambio dunha reutilizable.
2. As campañas de educación ambiental sobre os impactos das bolsas de plástico pódense desenvolver en diferentes ámbitos, como centros educativos, colectivos ou asociacións, etc.
3. Reparto destas bolsas aos comercios, para que sexan estes os que as distribúan entre os seus clientes.
4. Subvención económica para a adquisición de bolsas reutilizables por parte dos comercios interesados en adherirse á campaña.
5. Redución dos impostos municipais para aqueles comercios que deixen de distribuír de maneira gratuíta bolsas dun só uso.
6. Formación aos comercios acerca dos impactos das bolsas dun só uso.
7. Entrega de materiais de formación e información para que os comercios transmitan aos seus clientes o impacto das bolsas dun só uso.
8. A pesar de non ter competencias para impor taxas ambientais, se se poden establecer convenios voluntarios con todos os comercios do municipio para que estes impoñan un custo ás bolsas de plástico. O diñeiro recadado poderá ser empregado en beneficio do municipio. Para que esta medida funcione deben incorporarse a ela todos os comercios.
9. O municipio pódese declarar mediante ordenanza municipal “municipio libre de bolsas” a xeito de declaración de intencións.
10. O municipio pode solicitar á súa Comunidade Autónoma ou Goberno Estatal a imposición dunha taxa que disuada no uso de bolsas dun só uso no uso das súas competencias.
11. No desenvolvemento práctico das actividades municipais non se deberán empregar bolsas dun só uso, así como nas actividades promovidas polo concello, as compras municipais e os contratos públicos.
12. O concello poderá pór en marcha actividades de eliminación de bolsas dun só uso nos centros municipais adheridos, como centros educativos, centros sanitarios, policía, etc.
13. O municipio pode modificar o sistema de recolleita de residuos urbanos co fin de que non cumpra o emprego de bolsa de plástico dun só uso para o depósito do lixo.

**Di NON ás bolsas de plástico**